

**VICENTE GÓMEZ GARCÍA**, deputado do Grupo Socialista da Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 10 do Regulamento Orgánico da Corporación,

#### EXPRESA

Que a Deputación de Ourense aprobou en pleno demandar a reparación dos danos provocados polos obras do tren de alta velocidade nas estradas da provincia.

Que o estado destas vías supón un importante risco de seguridade para os veciños e veciñas dos concellos afectados.

Que en decembro de 2016, Adif Alta Velocidade contratou por 5,2 millóns a reparación das estradas afectadas polas obras de construción da liña de alta velocidade Madrid-Galicia, que discorren polos concellos de Vilariño de Conso, A Gudiña, Castrelo do Val, Laza, Vilar de Barrio, Sarreaus, Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Allariz, Paderne de Allariz e Taboadela, cun un prazo de execución de 12 meses.

Que Adif Alta Velocidade solicitou, hai meses, á Deputación de Ourense, unha serie de traballos técnicos imprescindibles para que empresa adxudicataria das tarefas de reparación poda proceder á executar as obras nas estradas, pero eses traballos aínda non foron entregados ó Adif.

Por elo SOLICITA

Que a Deputación de Ourense remate e remita de inmediato a Adif Alta Velocidade, os traballos técnicos que lle foron solicitados, para proceder á reparación dos danos provocados polos empresas contratistas das obras do tren de alta velocidade nas estradas da provincia.

En Ourense, 25 de agosto de 2017



**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**